

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 20 DE XUÑO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00032092S.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta da sesión extraordinaria – urxente de data 6 de xuño de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2021/00026229K.

Licenza de segregación parcelas situadas en LG A Coba, Figueiras.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o proxecto de data de visado do 26/10/2020, a segregación da parcelas situadas no Lugar A Coba-Figueiras Santiago de Compostela (A Coruña), nas seguintes parcelas de resultado.

- PARCELA RESULTADO 1. Solo Clasificado Rústico Categoría de Protección e Cualificado Ordenanza 19 Solo Rústico de protección das augas. Superficie Bruta e Neta 4.615,00m²s

- PARCELA RESULTADO 2. Solo Clasificado Rústico Categoría de Protección e Cualificado Ordenanza 19 Solo Rústico de protección das augas. Superficie Neta 5.720,00m²s

As licenzas entenderanse outorgadas salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00009531L.

Licenza para a construción de vivenda unifamiliar illada no LG As Pereiras, San Caetano.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 127.901,58 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 21/02/2022 e a documentación técnica presentada o 11/04/2022, a construción dunha vivenda unifamiliar illada na finca situada no Lugar As Pereiras San Caetano Santiago de Compostela (A Coruña).

4. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00013620N.

Licenza para a rehabilitación do edificio con instalación de ascensor en Avda Castelao, 46.

Acórdase conceder á Comunidade de Propietarios Avda de Castelao 46 licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente, cun orzamento de execución material de 250.000,00 euros e conforme o proxecto básico e de execución de data de visado do 04/10/2021, a instalación de ascensor e rehabilitación das fachadas e da cuberta do edificio situada na Avda de Castelao 46 Santiago de Compostela (A Coruña).

5. LICENZAS DE APERTURA. Referencia: LAP/487/2019.

Licenza de obras de reforma para substitución de forxado no LUGAR DE LAVACOLLA, 55.

Acórdase conceder licenza de OBRAS de REFORMA de edificación para ALBERGUE TURÍSTICO “LA FABRICA” situado en lugar de LAVACOLLA, 55, consonte Proxecto básico e de execución modificado co visado do COAG de data 09/03/2022, cun orzamento de execución material de 117.657,52 €.

A modificación consistirán na substitución do forzado existente por outro de similares características.

A edificación está situada en solo clasificado como urbano no PXOM vixente e cualificado coa ordenanza 11 de núcleos tradicionais incorporados ao solo urbano do PXOM.

6. PATRIMONIO. Referencia: 2021/00011639J.

Reiteración solicitude de devolución garantía definitiva.

Acórdase desestimar a solicitude de devolución da garantía definitiva presentada o pasado día 23/02/22 por O MERENDERO DO RESTOLLAL SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA en tanto non acredite o cumprimento satisfactorio das obrigas establecidas no alleamento da parcela M8 do SUP-7.

7. PATRIMONIO. Referencia: 2022/00030934F.

Desestimación da solicitude formulada pola Comunidade de Propietarios de A Barcia, do SUNP-28.

Acórdase desestimar a solicitude de 8/06/22 formulada pola Comunidade de propietarios a Barcia do SUNP-28

8. AREA IX.- MEDIO RURAL. Referencia: 2022/00007328R.

Aprobación proxecto construtivo “Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP 25 Roxos-Quintáns” revisado segundo 2º informe de supervisión da Deputación da Coruña.

Acórdase:

Primeiro. Aprobar o proxecto construtivo de data 13/06/2022 da obra “Pista multideporte e parque infantil na zona verde do SUNP-25 Roxos-Quintáns”, que ten as seguintes características:

- Orzamento: 123.966,94 euros + 26.033,06 euros de IVE = **150.000,00 euros**.

- Prazo de execución: 60 días.

- Clasificación do contratista: non esixible.

Segundo. Comunicar este acordo á Deputación Provincial da Coruña para o seu coñecemento e para os efectos de continuar coa tramitación da solicitude presentada ao abeiro do plan POS+ 2022.

9. CONTRATACIÓN. Referencia: Corrección erros validación S/2022/75.

Corrección de erros validación omisión función interventora relación contable de facturas S/2022/75.

Acórdase a seguinte corrección:

ONDE DI:

“EXPEDIENTE: Validación omisión función interventora F/12922022”

DEBE DICIR:

“EXPEDIENTE: Validación omisión función interventora S/2022/75”

10. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/29.

Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo de copias en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre o mes de novembro do ano 2021 e febreiro do 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de DOUS MIL CENTO VINTE E NOVE EUROS CON CINCUENTA E TRES CÉNTIMOS (2.129,53 €) segundo relación contable de facturas S/2022/29 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2022/417 por importe de 96,65 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L., e remata pola número F/2022/820 por importe de 218,26 euros emitida por VSM SISTEMAS CORUÑA, S.A..

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

11. CONTRATACIÓN. Referencia: Validación omisión función interventora S/2022/48. Validación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de aluguer, mantemento e consumo de copias en varios departamentos municipais correspondentes a varios períodos entre o mes de decembro do ano 2021 e febreiro do 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de TRES MIL SEISCENTOS DOUS EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (3.602,67 €), segundo relación contable de facturas S/2022/48 que se achega no expediente, e que comeza pola número F/2022/326 por importe de 1,82 euros emitida por RICOH ESPAÑA SLU, e remata pola número F/2022/1029 por importe de 104,73 euros emitida por SOLITIUM NOROESTE, S.L.

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao interese público e ata que se adopten as medidas necesarias para evitar ese prexuízo.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00006701H.

Aprobación do expediente denominado “Servizo de XERENCIA do PLAN DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE de Santiago de Compostela”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar expediente denominado “Servizo de XERENCIA do PLAN DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO SOSTIBLE de Santiago de Compostela” e abrir o procedemento aberto de adxudicación mediante tramitación ordinaria, establecéndose un tipo de licitación de: **145.552,93 €** (base imponible de 120.291,68 € máis IVE do 21% de 25.261,25 €).

Segundo.- Aprobar un gasto por importe de 145.552,93 € para financiar este contrato que se imputa á aplicación orzamentaria 070 43200 6400000 (Código de Proxecto: 2020 2 PSTUR 61 1 PLAN DE SOSTIBILIDADE TURISTICA).

13. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00030651T.

Aprobación da convocatoria de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2013_2016 correspondentes ás Fases 1 da área de rexeneración e renovación urbana do barrio de Vite do concello de Santiago de Compostela.

Acórdase:

1 Aprobar a convocatoria e inicio de oficio do procedemento de concesión de subvencións á rehabilitación ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda 2013_2016 correspondentes ás Fases 1 da área de rexeneración e renovación urbana do barrio de Vite do concello de Santiago de Compostela.

2 Aprobar o gasto correspondente á convocatoria recollida no punto anterior por un importe de **298.264.96 €**, que se executará con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022 de acordo ao proxecto de gasto con financiamento afectado 2018 2 AVITE 1.

O obxecto e finalidade desta convocatoria é a concesión de axudas para actuacións de rehabilitación de edificios residenciais na Área de Rexeneración e Renovación Urbana do barrio de Vite de Santiago de Compostela, de acordo co compromiso adquirido polo Concello no marco dos Acordos da Comisión Bilateral asinados o 26 de outubro de 2017 relativo á Fase 1 (en adiante ACB 26.10.2017).

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Terán a consideración de actuacións subvencionables, de acordo co disposto no artigo 26.1.a) do R.D. 233/2013 e no artigo 9 da Orde do 23 de xuño de 2017, as definidas no artigo 124 do Plan xeral de ordenación municipal vixente sobre “Actuacións nos edificios existentes”, que se efectúen sobre elementos e instalacións comúns de edificios de uso residencial colectivo (O uso residencial deberá estenderse polo menos ata o 60% da súa edificabilidade sobre rasante).

De acordo co disposto no RD 233/2013 e na Orde do 23 de xuño de 2017, as actuacións obxecto de subvención deberá cumprir cos seguintes requisitos:

1 O promotor das actuacións deberá ter solicitada licenza urbanística ou, de ser o caso, presentada a comunicación previa correspondente, dentro do prazo establecido para a solicitude das axudas.

2 No caso de que no DECRETO 61/2021 do 8 de abril da Xunta de Galicia, polo que se regula o informe de avaliación dos edificios (IAE), se estableza a obrigatoriedade de dispor do mesmo, de acordo ao RD 233/2013,

e o artigo 10.3 da Orde do 23 de xuño de 2017 da Xunta polos que se regula o PEV 2013_2016, no caso de edificios residenciais colectivos deberá achegarse xunto ca solicitude.

3 No caso de actuacións que foran iniciadas con anterioridade a esta convocatoria, deberá cumprirse que:

☒ A Oficina de rehabilitación e vivenda teña constancia das actuacións por ter sido obxecto de solicitude en convocatorias anteriores, estar inscritas na LIMIAR, ou calquera outra actuación na administración que permita constatar os feitos.

☒ En ningún caso poden terse iniciado con anterioridade á entrada en vigor do Plan Estatal de Vivenda 2013-2016.

CONTÍA

De acordo ao establecido no R.D. 233/2013, do Plan Estatal de Vivenda e no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia, de 31 xullo de 2017, para a execución da prórroga do Plan 2013-2016 e no Acordo bilateral a contía máxima das subvencións será o menor dos seguintes límites:

a. Limite porcentual sobre o orzamento subvencionable:

☒ 35% con cargo á achega do Ministerio

☒ 10% con cargo á achega da Xunta

b. Limites unitarios por vivenda ou, no caso de edificios residenciais colectivos, por cada 100 m2 de superficie útil de local:

☒ 11.000 € con cargo á achega do Ministerio

☒ 4.000 € con cargo á achega da Xunta

A contía total máxima das subvencións convocadas dentro dos créditos orzamentarios dispoñibles ascende a 298.264.96 €, que constitúe o límite das axudas que se poden conceder nesta convocatoria, que se executará con cargo á aplicación orzamentaria 050 15220 7800000/2022.

COMPATIBILIDADE

O procedemento de concesión será o ordinario de concorrencia competitiva segundo o criterio de prelación establecido nestas bases.

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra axuda pública, sempre que a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

PRAZOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DE XUSTIFICACIÓN DAS ACTUACIÓNS

O prazo de presentación das solicitudes será de un (1) mes contado a partir do día seguinte á publicación desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

De acordo ao establecido no R.D. 233/2013, do Plan Estatal de Vivenda, no Real Decreto 637/2016 no que se prorroga o mencionado Plan, no Convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución da prórroga e na Addenda de data 3 de febreiro de 2021 na que se prorroga o PVE 2013-2016 e a dilixencia do IGVS de data 5 de abril de 2021, a data máxima de xustificación da subvención será o 31 decembro de 2022.

14. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2021/00040856C.

Atribución aos integrantes da Comunidade de Propietarios (C.PP.) interesada da parte proporcional que lle correspondería da axuda pública aprobada definitivamente en favor da C.PP. Calzada San Pedro 14 San Antonio 2 dentro da convocatoria de subvencións de data 19 de outubro de 2018 en desenvolvemento do Plan Estatal de Vivenda 2013 – 2016 relativa á área de rexeneración e renovación urbana da Cidade Histórica Fase 14 (remanente de convocatoria 2016).

Acórdase::

1. Distribuír a subvención de **21.248 euros** aprobada definitivamente, a obriga de pagamento da cal foi tamén recoñecida, na XGL celebrada o día 30 de decembro de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2020 e imputada ao proxecto de gasto 2016/2/REHAB/14, entre os 16 comuneiros que teñen acreditada a totalidade dos requisitos esixidos aos beneficiarios, en base a súa cota de participación.

2. Remitir o presente acordo, xunto co expediente completo, aos Servizos Económicos Municipais para que, tras as necesarias comprobacións, o órgano competente ordene, se así o considera, o pagamento da obriga recoñecida na XGL celebrada o día 30 de decembro de 2020, con cargo á aplicación orzamentaria 050 33600 7800000/2020.

15. DEPORTES. Referencia: 2022/00031658H.

Bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e actividades físicas durante a tempada 2022/23.

Apróbanse as bases reguladoras da convocatoria de cesión de usos das instalacións deportivas municipais para actividades deportivas (adestramentos) e actividades físicas durante a tempada 2022/23.

16. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022322R.

Proposta de aprobación da xustificación da subvención nominativa a Asociación Ateneo de Santiago do ano 2021.

Acórdase:

1.-Aprobar a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Ateneo de Santiago por un importe de **19.403,88 euros** visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

2.- Anular o crédito restante por importe de 596,12 euros repoñendo o saldo na aplicación orzamentaria 2021 050 33400 4890002.

17. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2021/00022338V.

Proposta de aprobación da xustificación da subvención nominativa á Asociación Cultural da Cidade Vella de Santiago 2021

Apróbase a xustificación e o pagamento da subvención nominativa á Asociación Cultural da Cidade Vella de Santiago por un importe de **20.000 €**, visto que se deu cumprimento co obxecto previsto no convenio e a súa correcta xustificación, coa salvedade das precisións que o Departamento de Intervención poida facer.

18. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2022/00031065T.

Aprobar o V Plan Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (2022-2025).

Acórdase:

1.Aprobar o V Plan Municipal de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (2022-2025).

2.Presentar o expediente para o seu ditame á Comisión Informativa da Área Social, Cultural Participación, Igualdade e Transparencia.

3.Someter o V Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela a súa aprobación polo Pleno da Corporación.

O V Plan de Igualdade do Concello de Santiago de Compostela (2022-2025) estruturase nas seguintes áreas de actuación, que inclúen en cada unha de elas os seus correspondentes obxectivos xerais en tanto metas a acadar, dentro dun cronograma temporal que abarca dende o ano 2022 ata o ano 2025, así como os seus obxectivos específicos ou operativos, en tanto logros que sumados contribúen a finalidade do obxectivo xeral en cada área:

Área 1: COEDUCACIÓN E FORMACIÓN CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Área 2: FORMACIÓN, INSERCIÓN LABORAL E CONCILIACIÓN DOS TEMPOS LABORAIS, FAMILIARES E PERSOAIS

Área 3: APODERAMENTO, PARTICIPACIÓN E ASOCIACIONISMO

Área 4: CALIDADE DE VIDA E BENESTAR INTEGRAL DE COLECTIVOS ESPECÍFICOS

Área 5: TRANSVERSALIDADE DE XÉNERO NA ADMINISTRACIÓN LOCAL

Área 6: SENSIBILIZACIÓN E ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO

19. SERVIZOS SOCIAIS. Referencia: 2021/00021142V.

Aprobar parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 de Xullo de 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Secretariado Gitano para o ano 2021.

Apróbase parcialmente a xustificación do convenio de colaboración asinado o 30 DE XULLO DE 2021 entre o Concello de Santiago de Compostela e a FUNDACIÓN SECRETARIADO GITANO para o ano 2021, e o recoñecemento da obriga, pola contía de VINTE DOUS MIL OITO CENTOS CORENTA E UN EUROS CON SESENTA E UN CÉNTIMOS DE EURO (**22.841,61 €**) sendo a subvención concedida de VINTE TRES MIL euros (23.000,00 €), con cargo á partida orzamentaria 020 23100 4800021 nº de operación 220210017413 e de acordo coas bases de execución do orzamento xeral para o ano 2022 (artigo 33).

20. EMPREGO. Referencia: 32150A.

Aceptación da concesión de subvención da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, para a contratación temporal de desempregados/as, correspondente ó exercicio 2022.

Acórdase:

Primeiro.- Aceptar a subvención da Xefatura Territorial, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, por importe de **260.854,92 €**, para a contratación de 20 traballadores para as seguintes ocupacións:

- 1 apoio técnico administrativo
- 4 apoio administrativo
- 4 apoio auxiliar administrativo
- 4 apoio atención ao público
- 7 oficiais de obras

Segundo.- A aprobación do gasto quedará supeditada á habilitación de crédito mediante a correspondente modificación orzamentaria, a través de xeración de crédito en base ao compromiso de ingreso da subvención da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Terceiro.- Aprobar o compromiso de habilitar crédito por importe de 6.473,41 € para financiar os custos, non financiados con cargo á subvención solicitada, de indemnización por cese de contrato que se materializarán na anualidade 2023, nas aplicacións orzamentarias correspondentes do capítulo 1 dos orzamentos do 2023.

Cuarto.- Comunicar este acordo á Intervención Municipal.

21. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00032092S.

Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Xunta de Galicia para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

Tómase coñecemento da sinatura do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a Xunta de Galicia para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Facenda e Administración Pública, estableceu para 2022 unha dotación específica para o concello de Santiago por un importe de **2.392.425 euros** no marco da Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da Capitalidade.

A vixencia deste convenio estenderase dende a súa sinatura atano 31 de decembro de 2022.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00029011Q.

Dar conta da sentenza recaída no procedemento PO 356/2021 CA1.

Dase conta da sentenza 200/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1

Procedemento: Procedimiento Ordinario 356/2021

Obxecto: Decreto do 30.07.2021 que desestima recurso de reposición formulado contra liquidación do IIVTNU nº000290562839 do ano 2017

Contía reclamada no recurso: 31.837,69 euros.

A sentenza é desfavorable aos intereses municipais. A sentenza estima íntegramente o recurso, anula a liquidación impugnada e condea ao concello a devolver ao actor os gastos nos que tivese incorrido polo mantemento e cancelación do aval que tivo que outorgar para suspender a execución do acto impugnado, xunto cos intereses legais a contar dende a data de constitución ata a súa devolución.

Contra a sentenza cabe interpoñer recurso de apelación perante a sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Non se fai expresa imposición de custas. Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación contra ela
3. Remítala ao Departamento de Tesourería- *Xestión tributaria* - para os efectos da súa execución.

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00026679F.

Dar conta do decreto de desistimento recaído no Procedemento Abreviado 390/2021 CA1.

Dase conta da resolución: Decreto do 1.03.2022 do Letrado da Administración de Xustiza do XCA nº 1 de Santiago de Compostela.

Procedemento: PA 390/2021

Demandante: MAPFRE ESPAÑA, S.A. e persoa particular

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de data 3.09.2020 polos danos sufridos no vehículo o día 30.01.2020 na rotonda entre as rúas Eslovenia e Castela e León.

O decreto atende a petición da parte recorrente relativa á desistencia do recurso formulada ao abeiro do artigo 74 da LXCA, ao terse satisfeitas as pretensións da parte recorrente.

Non procede interpor recurso ningún contra esta resolución, ao ser favorable aos intereses municipais.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución.
2. Non interpoñer recurso de revisión.
3. Remitir ao Departamento de Vicesecretaría para a súa constancia.

24. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00031145B.

Dación de conta da sentenza ditada do recurso de suplicación 5562/2021-PO 38/2020 do Xulgado Social núm.4

Dase conta da sentenza nº 2618/2022

Obxecto: diferenzas retributivas entre C1-20 e A2-22 no exercicio 2019.

A sentenza é desfavorable para o Concello, recorrible en casación.

Acórdase:

Tomar coñecemento da sentenza.

1. Non interpoñer recurso de casación.
2. Remitir ao Servizo de Persoal para o seu coñecemento e execución.
3. Incoar o procedemento de adecuación das funcións a desenvolver ao grupo de clasificación e nivel do posto.

25. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00031459A.

Dación de conta de auto recaído no procedemento RCA 2216/2020 do Tribunal Supremo.

Dase conta da resolución: Auto do Tribunal Supremo (Sala Civil) de 8.06.2022

Procedemento: Recurso de Casación 2216/2020

Procedemento de orixe: Procedemento Ordinario 86/2018, Xulgado de 1ª Instancia nº 5 de Santiago de Compostela; Recurso de Apelación 228/2019

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución.
2. Remitir ao Departamento de Urbanismo para a súa constancia.

26. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00031245L.

Dar conta de auto recaído no PO 186/2021 CA2.

Dase conta da resolución: Auto do 16.05.2022 do XCA nº 2 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 186/2021

Obxecto: Decreto da Concelleira Delegada de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural nº 2021/1855, de data 3.03.2021, polo que se estima o recurso de reposición interposto contra a orde de peche do local e suspensión da actividade de comercio de artigos de agasallo e artesanía que se desenvolve na Rúa Nova nº 44, baixo, por contar con título habilitante municipal, ao presentar o interesado comunicación previa de inicio de actividade, sen prexuízo do seu control posterior.

Mediante Auto do 16.05.2022 o Xulgado declara a terminación do procedemento a instancias da parte recorrente por recoñecemento das pretensións da parte recorrente na vía administrativa.

O Auto de terminación é favorable aos intereses municipais, polo que non procede interpor recurso ningún.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución.
2. Non interpoñer recurso de reposición.
3. Remitir ao Departamento de Disciplina para os efectos procedentes.

27. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00031952J.

Dación de sentenza recaída no PA 505/2019 CA1

Dase conta da sentenza 204/2022 do Xulgado Contencioso-Administrativo nº 1

Procedemento: Procedimiento abreviado 505/2019

Obxecto: Recurso contencioso-administrativo por desestimación presunta da reclamación patrimonial por lesións sufridas a consecuencia de caída.

Contía reclamada no recurso: 22.789,48 euros

A sentenza, declarada firme na Dilixencia do 15.06.2022, é parcialmente favorable aos intereses municipais. A sentenza reduce a indemnización á cantidade de 3.727,68 euros aos que se engadirán os intereses legais dende a data da reclamación.

Contra a sentenza non cabe impoñer recurso algún. Non se fai expresa imposición de custas.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Remitir ao Departamento de Vicesecretaría para os efectos da súa execución.

28. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00029014L.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 329/2021.

Dase conta da sentenza nº 201/2022 do 26.05.2022, do XCA nº 1 de Santiago de Compostela

Procedemento: PO 329/2021

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada ante o Concello con data 26.11.2020, como consecuencia da caída sufrida pola recorrente na Avenida de Salamanca nº 18, por importe de 51.988,19 euros.

A sentenza estima parcialmente o recurso contencioso-administrativo ao considerar acreditada a realidade do dano, se ben non admite a contía reclamada pola demandante, senón que a fixa en 30.000 euros, de xeito coincidente coa que deriva do informe pericial aportado pola compañía aseguradora do Concello.

A sentenza é susceptible de recurso de apelación

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.

3. Remitir ao Departamento da Vicesecretaría para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza.

29. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00032092S.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 10 ao 16 de xullo de 2022.

URXENCIAS

30. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: OFI F/2022/494 URBASER

Convalidación Omisión Función Interventora canon XANEIRO F/2022/494 URBASER.

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do canon pola xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de XANEIRO do ano 2022.

2. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 662.669,04 euros, correspondentes á factura F/2022/494.

3. Importe total da prestación realizada: 662.669,04 euros que se imputarán ás aplicacións orzamentarias:

304.098,82 euros á aplicación 2022 020 16210 0000

358.570,22 euros á aplicación 2022 020 16210 0800

31. SERVIZOS BÁSICOS. Referencia: OFI F/2022/881 URBASER

Convalidación ofi canon febrero urbaser f/2022/881

Acórdase:

1. Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados do canon pola xestión do servizo de recollida de residuos sólidos urbanos e limpeza viaria correspondente ao mes de FEBREIRO do ano 2022.

2. Autorizar, disponer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe total de 662.669,04 euros, correspondentes á factura F/2022/881.

3. Importe total da prestación realizada: 662.669,04 euros que se imputarán ás aplicacións orzamentarias:

304.098,82 euros á aplicación 2022 020 16210 0000

358.570,22 euros á aplicación 2022 020 16210 0800